



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

16 de agosto de 2007

Nº 16

METEOROLOXÍA

Baixada das temperaturas e precipitacións febles os días 14 e 15 nas Rías Baixas, mentres que no interior se mantiveron as mesmas condicións meteorolóxicas que a pasada, con ausencia de precipitacións e temperaturas elevadas, acadáronse temperaturas medias próximas os 20º C e picos que superaron os 30º C. Nas vindeiras datas non se prevén chuvascos, con tendencia ao mantemento de temperaturas e tempo anubado.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio)/M₂ (pleno envero).

Nesta campaña observase unha grande diferenza no estado fenolóxico entre as distintas parcelas, polo que a próxima vendima, aproximadamente os 45 días do envero prevese longa dende o inicio ata o remate, nos viñedos máis atrasados no seu estado fenolóxico.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Seguen a observarse os síntomas do mildeu en algunhas parcelas nas puntas dos gomos, posto que neste momento ó començar o envero (cambio de cor das vagas de uva) os acios xa non son sensibles á contaminación do fungo. Polo tanto, pódese facer xa unha avaliación definitiva dos danos provocados polo mildeu nesta campaña.

Enquisados os técnicos das diferentes Agrupacións de Defensa Sanitaria (ATRIAS, ADVS e PI), así como adegas e cooperativas con plantacións propias estes transmitíronnos as seguintes observacións á perda de colleita debido o mildeu:

En xeral déronse as mesmas porcentaxes de dano de **pérdida de colleita nas principais comarcas produtoras de uva de DO, en torno ó 25-30%**. As castes brancas albariño (maioritaria na DO) e caíño branco sufriron máis danos que a treixadura e loureiro. As tintas non sufriron apeas danos pero estas son minoritarias nas zonas de DO.



Tendo en conta a uva que naceu esta campaña, as condicións de callado, o vento que rompeu varas e os propios danos de mildeu, **prevese un descenso de colleita total, e respecto do 2006 nun 35-40 %**, según manifestan tamén os mesmos técnicos do sector.


En canto as demais enfermidades do período non se observan novas infeccións de oidio e vense os mesmos síntomas de enfermidades da madeira apuntados en anteriores boletíns.

Entre as pragas observanse o mosquito verde (especies empoasca vitis e zygina rhamni) e os acaros panonychus ulmi e calepitrimerus vitis, todos eles por debaixo dos umbráis de tratamento. Sen embargo apreciase certo aumento das poboacións presentes. Tamén se observa un repunte do comenzo de voo da couza do acio (3ª xeración) nos viñedos próximos o litoral das Rías Baixas.

Recomendacións da semana

O último tratamento recomendado para o control do mildeu en anterior boletín antes das últimas precipitacións, non fan necesarias novas aplicacións. Os viñedos que todavía apeas enveraron será necesario en próximas datas un novo tratamento con preparados cúpricos ou orgánico-cúprico, preferiblemente dirixido as puntas dos gomos.

Aínda que non se aprecian síntomas de botrite, debido as últimas precipitacións e dado o estado fenolóxico no que estamos para a aplicación oportuna **en viñedos propensos a enfermidade** (de vexetación "pechada", vigorosos ou de variedades sensibles como a treixadura, godello e caíño tinto), para a vez de evitar tratamentos cerca da vendima, de selo caso, tratar con algún dos principios activos: ciprodinil+fludioxinil, fenhexamid, iprodiona, mepanipirim ou pirimetanil.



Evaluar o nivel de pragas nos viñedos. Recordar que os umbráis de tratamento son de 1 insecto folla de mosquito verde, 30% de follas ocupadas de araña roxa e 30-60% de follas con presenza de acariose, sendo necesarios un binocular de o menos 25 aumentos para observar os ácaros e acarofauna útil. Tamén se pode recoller o azar unhas 50 follas desarroiadas -pero non vellas- no viñedo e contrastar as observacións en laboratorio fitopatolóxico.



D. O. de Ourense

En todas as denominacións de calidade acumúlase certo retraso no ciclo produtivo respecto a un ciclo normal. Por outra banda, a Consellería do Medio Rural está a traballar para facer unha estimación aproximada das mermas na colleita provocadas pola elevada incidencia das enfermidades fúnxicas durante este ano, especialmente mildeu. Espérase unha merma significativa en todas as denominacións de calidade respecto a un ano normal.

Mantéñense as recomendacións destas semanas para todas as denominacións de calidade: deberase continuar coa vixianza nas parcelas que estén próximas a fincas abandonadas; estase a comprobar unha maior incidencia de enfermidades nas parcelas situadas nas proximidades de viñedos abandonados.

Ademáis, como práctica cultural recoméndase a operación de enramado da vexetación nas gavias e a execución das operacións en verde: eliminación de chupóns, despuntes, desfollados e aclareos. Tamén é convinte eliminar a vexetación espontánea presente entre as gavias.

É moi recomendable eliminar parte da vexetación que está próxima aos acios para facilitar a aireación da planta tendo precaución de non deixar expostos os acios ao sol, fundamentalmente na orientación de posta de sol, nas variedades sensibles coma o godello para evitar queimaduras.

Como medida sanitaria preventiva é recomendable eliminar os acios que estén afectados por enfermidades como o mildiu para evitar a súa transmisión aos acios sanos. Os acios infectados non se deben deixar na parcela para evitar futuras contaminacións.

En canto o conteo de avelaiñas do acio soamente comentar que o número de individuos atrapados nas trampas de feromonas instaladas en parcelas das catro denominacións de calidade é insignificante polo que non se recomenda tratar contra esta plaga.

D.O. RIBEIRO

Estado fenolóxico medio:

Inicio do envero (**M1**)/Pleno envero (**M2**). M1 é a fase na que se atopa a maioría das plantacións. Hai zonas, as máis expostas á insolación e con variedades precoces, que se atopan na fase de pleno envero.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Siguen aparecendo, con moita menor intensidade que nas semanas anteriores, novas manchas de mildiu nos brotes novos, ademáis de acios afectados polo mildiu larvado. Apareceron, de xeito localizado, síntomas de ataque de oidio pero de pouca intensidade. Non se produciron novos ataques de black-rot. Non hai constancia da presenza da podremia gris (botrite).



A partir deste estadio fenolóxico a presión do mildiu redúcese considerablemente, polo que a incidencia da enfermidade será moito menor que nas derradeiras semanas. Ademais, de manterse as mesmas condicións meteorolóxicas que na pasada semana o risco desaparecerá por completo.

Recomendacións da semana:

De renovar o tratamento fronte a mildiu soamente se fará con materias de contacto a base de cobre. A previsión é que a presión da enfermidade remita. É importante alternar as materias activas empregadas sen que se superen os tres tratamentos por campaña da mesma materia activa. A partir do envero a incidencia do oídio é mínima. Débese ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a botrite, o estado fenolóxico de peche do acio (**L**) é apropiado para facelo. Tamén se pode facer este tratamento no inicio do envero (**M1**).

D.O. VALDEORRAS

Estado fenolóxico medio:

Inicio do envero (**M1**)/Pleno envero (**M2**). M1 é a fase na que se atopa a maioría das plantacións. Hai zonas, as máis expostas á insolación e con variedades precoces, que se atopan na fase de pleno envero.

Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas:

A presión da enfermidade provocada polo mildiu é menor que no Ribeiro. Tamén remitiron os ataques provocados polo Black-rot e apenas hai problemas derivados do oídio e da botrite.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

D.O. RIBEIRA SACRA

Estado fenolóxico medio:

Inicio do envero (**M1**)/Pleno envero (**M2**). M1 é a fase na que se atopa a maioría das plantacións. Hai zonas, as máis expostas á insolación e con variedades precoces, que se atopan na fase de pleno envero.

Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas:

Apareceron novas manchas en follas novas de mildeu. Con moita menos presenza se manifestaron os síntomas en acios. Non se reproduciron as manchas de black-rot.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

D.O. MONTERREI

Estado fenolóxico medio:

Inicio do envero (**M1**)/Pleno envero (**M2**). M1 é a fase na que se atopa a maioría das plantacións. Hai zonas, as máis expostas á insolación e con variedades precoces, que se atopan na fase de pleno envero.

Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas: As mesmas que na DO Valdeorras.

Recomendacións da semana: As mesmas que para O Ribeiro



PATACA

PATACA (COMARCA DA LIMIA)

As condicións meteorolóxicas foron de estabilidade: ausencia de precipitacións e temperaturas medias aproximadas a valores de 20 - 25°C. As previsións contemplan que as temperaturas se manteñan próximas ás da semana pasada con ausencia de precipitacións.

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase engrosamento/maduración de tubérculos.

Recomendacións da semana: as condicións continúan sendo de certo risco para o ataque de fungos, mildiu, con moita menor presión da enfermidade respecto ás pasadas semanas, polo que é imprescindible manter protexido mediante materias activas de contacto o cultivo fronte ao mildiu.

Inda se producen ataques de escaravello polo que se recomenda manter protexido o cultivo contra esta praga nas parcelas afectadas. Incrementouse a presenza de verme gris e branco, ademais de pulgón, polo que se recomenda manter protexido o cultivo contra esta plaga nas parcelas con presenza destas plagas.

PATACA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Estado fenolóxico medio:

Recolección

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Nos tubérculos que se están recolectando ou na postcolleita no almacenamento das mesmas **seguen a verse un porcentaxe elevado de tubérculos con síntomas de pudricións** e aroma desagradable.

O resultado das prospeccións realizadas polo Servizo Técnico Agrario de Pontevedra e posterior análise no Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia deron os seguintes resultados das bacterioses e enfermidades:

Pectobacterium carotovorum (*subespecie da Erwinia carotovora*) – Podredumbre blanda ou pe negro,

Mildeu,

Phytophthora erythroseptica- mildiu rosado,

Fusarium roseum- podredumbre seca e

Colletotrichum atramentarium.

Dos anteriores atribúeselle efecto realmente patóxeno a bacteriose da podredumbre blanda e a enfermidade do mildiu. As demais enfermidades comportanse como fungos oportunistas que tamén colonizan os tubérculos anteriormente afectados.

A **podredumbre blanda por ser un patóxeno carentenarío** deberáanse extremar as medidas preventivas para evitar a súa propagación ou implantación.

Síntomas en planta e tubérculo:



Recomendacións da semana:

Debido a sintomatoloxía detectada de podredumbre blanda hai que extremar os cuidados na recolección e que se poden resumir nos seguintes extremos:

Realizar unha recolección cuidadosa co terreo e tempo seco para facilitar o secado e cicatrización das feridas.

Separar as patacas afectadas de pudrición no momento da recolección para sua eliminación mediante enterramento e sellado en terreo valdío previa aplicación de cal viva sobre os tubérculos.

Unha vez gardados no almacén, ben ventilado en capas ou caixas de pouca altura convén repasar as 2-3 semanas a posíble aparición de máis patacas afectadas e posterior eliminación o igual que o punto anterior, para evitar a contaminación dos lotes.

Desinfectar e limpiar cuidadosamente a maquinaria agrícola que se utiliza para o levantamento dos tubérculos, máxime cando se usa en común ou as empresas de servizos agrarios.

O almacén deberá ser desinfectado antes de gardar os tubérculos e posteriormente o seu consumo ou venda.

En plantacións cara a próxima campaña non repetila nas mesmas parcelas.



HORTA

HORTA NA COMARCA DA LIMIA

CEBOLA

Fenoloxía:

data de transplante: marzo/abril. Maduración do bulbo (J). Inicio da fase de maduración das primeiras cebolas. Estase a formar a cuberta externa seca do bulbo.

data de transplante: maio. Estado de engrosamento do bulbo. (H). Final da fase de engrosamento do bulbo.

Recomendacións:

Na cebola a partir do estado fenolóxico I recoméndase suspender o rego para que o bulbo *madure*. Recoméndase manter os tratamentos de xeito preventivo contra o mildiu nas parcelas que se atopen na fase H e no inicio da I, aplicando materias activas de contacto. Deberase facer un tratamento preventivo contra o fungo *esclerotinia* nas parcelas que estén no estadio H e I. Farase un seguimento de poboación de trips por si fora preciso facer un tratamento no caso de superar os umbrais de tratamento, sobre todo nas parcelas que se atopen no estadio H.

REPOLO:

Fenoloxía: planta con 17 follas (fase intermedia do cultivo).

Recomendacións: as mesmas que na semana pasada. Non se recomenda ningún tratamento contra o mildiu. No caso de ter controlada a poboación de eirugas defoliadoras gracias aos tratamentos feitos na semana pasada non se recomenda facer un novo tratamento insecticida para controlar esta plaga.

HORTA EN PONTEVEDRA

Nestas datas deberanse prantar os cultivos de aire libre para a produción en inverno o exterior, principalmente coles rizas, coliflores e brécol, escarolas, porros e zenorias.

Nos cultivos actuais en recolección tanto en invernadoiro como o aire libre abundan as pragas, sobre todo a mosca branca, minador, trips e vermes, os cales deberán ser controlados con fitosanitarios de baixo prazo de seguridade, de selo caso. En algúns invernadoiros hai control biolóxico.